

19

as nosas voces



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

HOMENAXE A  
ANTÓN AVILÉS  
DE TARAMANCOS

ARQUIVO  
SONORO  
DE GALICIA

# HOMENAXE A ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

as nosas voces **19**



Consello da Cultura Galega  
Arquivo Sonoro de Galicia  
Santiago de Compostela, 2003

Homenaxe a Antón Avilés de Taramancos / [coordinación, Rodrigo Romani e Cristina Pujales ; limiar, Ana Romani ; transcripción Ana Salgado]. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia, 2003.

1 disco (CD) + libro. — (As nosas voces ; 19)

D.L. VG 407-2003. — ISBN 84-95415-69-0

1. Avilés de Taramancos, Antón (1935-1992)-Homenaxes. I. Romani, Rodrigo. II. Pujales, Cristina. III. Romani, Ana. IV. Salgado, Ana. V. Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia. VI. Título. VII. Serie

TÉCNICO DE SON: Equipo Arquivo Sonoro de Galicia

LIMIAR: Ana Romani

TRANSCRIPCIÓN: Ana Salgado

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Begoña Tajés

COORDINACIÓN: Rodrigo Romani e Cristina Pujales

XERENCIA: Antonio Montero

EDITA:

© Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 – Fax: 981 588 699

correo@consellodacultura.org

REALIZACIÓN:

Obradoiro gráfico de Edicións do Cumio (Manoel Santos)

ed.cumio@interbook.net

ISBN 84-95415-69-0

D.L. VG 407-2003



Podes descargar o audio en:

[http://www.consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2003\\_Homenaxe-a-Anton-Aviles-de-Taramancos.zip](http://www.consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2003_Homenaxe-a-Anton-Aviles-de-Taramancos.zip)

O Consello da Cultura Galega agradécelles á familia Avilés, a Ana Romani, a RNE e á Radio Galega as facilidades outorgadas para a recuperación e a edición destes documentos sonoros.



## ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS. AS ARQUITECTURAS DA VOZ

Se solto a voz no mar, volve-se ceive  
medra no vento, e vén  
desde unha hora antiga, aínda diáfana,  
traendo a miña voz doutras idades.  
(Antón Avilés de Taramancos)

Cando nos anos 70 Antón Avilés de Taramancos merca unha gravadora e nunha casa da cidade de Cali, a tantos miles de quilómetros das raíces, do paparroibo e da píllara, recita e grava os poemas da ausencia non podía imaxinar que estaba a esculpir na voz un dos documentos sonoros que máis nos emocionan hoxe, once anos despois da súa morte, no ano das Letras de Avilés. Así é a memoria, unha voz que se grava nos sucos do tempo e persiste estremecedora. Como estremece escoitar hoxe trinta anos despois a gravación caseira e artesanal deses poemas. É o regreso de quen nunca marchou de todo e tal vez nunca puido regresar de todo. O documento sonoro que aquí se presenta nos devolve exacta a tensión dunha biografía poética sólida e singular con todos os seus acentos nesa voz que por sempre nos acompaña. Vivía daquela Avilés de Taramancos na cidade

colombiana de Cali, dirixía a Librería Cultural Colombiana de Occidente e algunhas tardes, tal e como nos relatou o seu fillo Luís Avilés Baquero, pechábase nun cuarto da súa casa, poñía os discos de Cantigas da Terra e recitaba contra o tempo e contra o olvido os seus *Poemas da ausencia*. Foi esa mesma gravadora a que rexistrou as voces familiares nunha viaxe que fixo daquela a Galicia, en Taramancos gravou as voces dos amigos, dos irmáns, da nai... as voces da memoria e do idioma para levalas exactas a Colombia. E saber que a nosa historia sonora se abastece ás veces así, da necesidade. Neste caso, e mais aló da relevancia do documento, a gravación que Antón Avilés elaborou para si mesmo, afortunadamente gardada tamén agora para nós, permítenos descubrir os perfís dun autor fundamental da literatura galega. Tal vez escoitar na súa voz estes poemas, sabelo nomeando con esa intensidade a tantos miles de quilómetros de distancia no val do Cauca sexa o mellor pórtico, o máis revelador, para adentrarse na obra de Avilés de Taramancos, na súa visión do mundo, da creación poética, na súa experiencia vital.

Estas son outras torres no ar, as arquitecturas sonoras do poeta nesa voz inconfundible, con todos os seus matices, os acentos, os ritmos, e as intencións. Porque na voz está tamén o poema, esa maneira de dicilo que o desvela. Na gravación realizada por Antón Avilés de Taramancos nos anos 70 en Cali e que agora presenta o Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega recita o poeta unha escolma dos poemas que logo conformarían os

*Poemas da ausencia* publicados, xa ó regreso en Noia no ano 1982, no volume *O tempo no espello*. Son “Cántico de anguria e esperanza pra arrola-lo meu neno”, “Od. Himno. Cántico. Elexía” (que se compón de 5 textos), “A Máquina” cun verso que logo non incluíría no poema publicado e “O Obús” todos eles pertencentes á segunda parte de “Os Poemas da Ausencia” escritos en Bogotá entre abril e maio de 1969. Rexístranse na gravación tamén os poemas “Eu amo as minerais entrañas do meu eido”, “Sangue callado. Terra escura, terra” cunha estrofa de catro versos que logo suprimiría no poema editado e “Feliz viaxeiro subterráneo”, todos os tres incluídos nos *Poemas da Ausencia. Primeira parte*, escritos en Bogotá no ano 1963 segundo se recolle no volume *O tempo no espello*. Estamos pois diante dun documento que nos aporta a dimensión sonora de parte do labor poético de Antón Avilés de Taramancos nas dúas décadas colombianas. Unha distancia que foi tamén permanencia no idioma, na terra e no poema.

Nestas outras torres no ar, as que describe a voz, está tamén o pensamento e a reflexión do autor sobre si mesmo, sobre o seu tempo. Diso fala o propio escritor nas gravacións que complementan este documento sonoro. O seu periplo vital, a infancia en Taramancos, a orixe do seu nome, o mar de fondo, a intensidade da bohemia e a conciencia nacionalista da xuventude coruñesa, a influencia da pintura, esa ansia das formas e das cores, o xuramento con Reimundo Patiño e Xohan Casal. Todo iso que conforman episodios fundamentais da biografía do escritor revélaos Avilés nes-



tes rexistros sonoros, a chegada a Colombia, a visión das grandes cordilleiras, a integración naquel país, e a dureza do regreso... “non hai regreso avoa”. Da súa voz e con todos os matices, coa ironía, a proximidade ou a cordialidade da súa conversa, sabemos da súa visión da creación poética, do papel do escritor, dos obxectivos do seu labor como concelleiro de cultura en Noia, da relación coa natureza ou da paixón vital de quen sempre está disposto a comezar. Son gravacións recuperadas das entrevistas realizadas por Ana Romaní e Antón Rodríguez López no programa “A Viborona” de RNE Radio 4 en 1988 e por Cristina Lombao no programa “O son da súa vida” da Radio Galega no ano 1989.

Mais aló da achega que poden supor estas gravacións para o labor investigador arredor da figura de Avilés de Taramancos, mais aló tamén da incorporación ó noso patrimonio sonoro dun documento que se suma así á construción doutra historia, a oral, esa que non está nos libros nin nas hemerotecas, que está nos acentos e nos matices da voz. Mais aló este documento sonoro dános a posibilidade de conversar e escoitar de novo, para quen tivemos o privilexio de coñecelo, ou e de descubrir, para aqueles que non o coñeceron, a intensidade emocionada dunha voz gravada por sempre nos sucos da amizade, da memoria, da historia da literatura galega.

Ouvide os ríos. Que fale o poeta.

Ana Romaní

**POEMAS**

Documentos sonoros inéditos gravados por Antón Avilés de Taramancos no ano 1974 en Cali (Colombia).

Para a transcripción dos poemas empregouse a segunda edición de *O tempo no espello* publicado por Edicións do Castro en 1992.

Agás no caso do poema “De cómo Reimundo Patiño se transforma en montaña e nace no seu corazón un río cantareiro: e aniñan o xerín e a torcaza no forno aínda quente do seu amor: de cómo emerxe do seu ser o contorno da patria”, incluído no programa radiofónico conducido por Suso Vaamonde *Tempos e tempos* de RNE, emitido o 9 de abril de 1987.

Para a transcripción seguiuse a versión publicada no nº. 9 da revista *Dorna: expresión poética galega*, editado pola Universidade de Santiago de Compostela en 1985.



## CÁNTICO DE ANGURIA E DE ESPERANZA PRA ARROLA-LO MEU NENO

Eu vin un ceo novo e unha terra nova  
porque o primeiro ceo e a primeira terra  
desapareceran, e o mar xa non existe.

Apocalipse, XXI-1

Meu fillo: meu carballo pequeno,  
gomo da canle vertebral,  
semente miña aberta na saudade.

Qué tempo de vivir ferozmente se aproxima  
ó teu ollar inda abraiado e puro!  
Qué tempo nuclear, aqueloutrado,  
meu capitán, vei se-la túa vida.

Días virán abanear teu sangue,  
días de aceiro e lóstrego e carraxe.

Acaso a pomba aniñe proxeitís  
bombas de alto poder, morte alxebraica:

e sinto  
o berro do teu pequeno corazón  
-o eco da miña voz multiplicada-  
na tua gorxa feita para o canto.

Meu fillo, meu amor, miña cobiza,  
quero falar contigo docemente  
semear no teu peito a miña esperanza  
os meus soños de home  
a miña terra  
-esa terra lonxana que non unxe  
a túa fronte americana-  
a terra que me queima fondamente  
eido dos teus avós por parte miña.

(E digo este cantar na seguranza  
de que ha de conforta-la túa loita  
esta palabra “terra” semellante  
a abrir coiteladas a ledicia)

Veño meu fillo dun país sinxelo  
de homes a cada paso soñadores,

criaturas de man encalecida  
e a peito aberto  
homes de mar que esculcan horizontes,  
labregos investidos pola melancolía.

Decir patria ten algo de sabor a centeo  
de nai pedindo auxilio ós catro ventos,  
camaradas perdidos no abrazo derradeiro.

Todo isto  
que encontras na calor do meu peito,  
o rumor do granito, da chuvia, da morriña,  
é a voz da miña patria que te ampara,  
a ti nado na ausencia  
a ti miña semente en terra allea  
tan inocente e xa crucifixado.

De min non terás nunca  
herdanza máis segura que este ouvear de lobo  
no camiño da vida,  
e esta terra lonxana que che ofrezco  
que é unha ferida que hai que ir abrindo sempre.

Tempo de profecía vas a vivir meu fillo  
-a besta ceibe o fogo desbordado-  
espadas de dous gumes no verbo dos arcanxos  
pranto a xenreira e odio e temporais  
que queimarán o mar, aí do navío!

Tempo tamén para o amor mais forte  
o dos abandeirados do futuro,  
alicerce da paz e da campá  
da feliz moradía, da promesa.

Cando sexas un mozo, meu capitán,  
e sintas o sangue axionllarse nos canles do cerebro  
-o megatón é un mostro que arrepiá de medo-  
volve ó eido que un día teu pai abandonara,  
á terra simple  
a esa hostia incólume  
e acouga meu amor, descansa. Durme.



## OD. HIMNO. CÁNTICO. ELEXÍA.

Galiza dentro de min  
I eu todo un soio cantar...  
MANOEL FABEIRO.

1

Terra nai. Raíz umbilical. Seiva nutricia.  
Sinto a aorta  
poboada de unha esencia de fragatas.  
Cincocentos gaiteros  
cantan de cara ó mar antigos himnos.  
Vello país domeador de vento!

Teño os ósos  
brunidos da calor da túa entraña.  
Ese río que fecunda os teus óvulos,  
ese río que habita nas furnas interiores  
verqueume nas arterias como ascuas  
e levo o sangue todo namorado.



O deixa-lo teu tobo  
ventos de morte me feriran, madre!  
E veleiquí que unha campá espida  
mantén a túa voz na miña gorxa  
e cando esfollo a curva dunha sílaba  
deita o canto de berce do teu nome.

2

Tatuada –afervoadamente a pel sorrí-  
tatuada na carne a túa xeografía,  
-Ouh o verdor erguido no lindiero da brétema-  
de norte a sur, Galiza, do leste ó pór do sol  
levo encravado a min o teu contorno  
o teu ar de corveta abandeirada  
partindo a cada intre.

Todo elemento líquido que compón o meu corpo,  
o sangue, o soro, a linfa,  
o cuspe, a esperma, a suor que arrenta  
de amarte do fondo das virillas docemente,

é un río que marcha inexorable  
para desembocar na túa orela.

Meu país mariñeiro!

Teño as vísceras roídas de salitre,  
dornas me navegaron polo tórax  
gaivotas de lizgaira arquitectura  
furanme o cal dos ósos  
con tan leve voar e mainiño  
que cóchegas de mar sinto na médula.

Ai meu país labrego!

Sementeirias que a man mais pura coída na seara  
atravésanme os ollos cada noite  
e levo o corazón feito de trigo,  
de millo temperán, de mel, de viño.

Ouh terra miña, ámbito inconfundible  
Amote desde o peixe á cotovía,  
desde o fondo do amor como parindo.

Amote dende antes do principio do mundo  
cando isto que me ergue, que latexa, que brúa,  
era sal do teu corpo incandescente  
-unha semente apavorada, feble-  
que a túa man de morna periferia  
arrimou ó teu colo e deulle vida.

3

Campanas de Bastabales

-miña nai arrola un neno-  
Rosalía non afíes  
na miña gorxa o coitelo.

Campanas de Bastabales

chegaron rompendo o vento  
e cantan de pinga en pinga  
no meu corazón sedento.

Rosalía: non me deixes  
tan lonxe que teño medo.

E ti campana de Anllóns  
campana con voz de ferro:  
Bergantiñán non me esquezas  
dáme unha man compañeiro  
que ando polo mundo a tombos  
e quero volver ós eidos.

E quero canta-lo maio  
todo de flores cuberto.





5

Hei de cantar en silencio  
o tempo non se escoita.  
E deixa sempre a seña:  
unha luz que se paga  
e outra que se prende  
na única lumieira.

Tan só despois da morte  
esa luz vai prendida  
por toda a eternidade.

Hei de cantar en silencio  
ó pé de cada arado  
Namentres ti semeas  
eu planterei papoulas:

Sempre fai falla amigo  
un corazón pequeno  
que lle dea vida ó trigo.

Que se unha flor se apaga  
outra quede prendida.  
Que siga a eternidade  
o seu curso perfecto.

Hei de cantar en silencio.  
A miña voz é de terra.  
Cada boi que se axuga  
cada home que labra  
cada tractor que fende  
as entrañas do sulco  
irá decindo o meu cantar.

E se o cantar se apaga  
outro labio mais fresco  
beberá eternidade.



4

O meu corazón sempre canta de noite,  
e cando el canta cantan tamén as pedras  
e canta o lobo atravesando os montes  
e canta como un home, cheo de medo, o vento.

De día nunca pode cantar,  
sae a palabra como tremelecida de saudade  
e entón os pegureiros e os meniños  
toda a xente inocente que me escoita  
cóbreñse de feridas para sempre.

De día adeprende as palabras que outros cantan  
e deletrea nai, revolución, infamia,  
sangue, laberca, fame, apocalipse,  
e váiselle facendo a voz tan rouca  
que cando abre a cantar féchanse as fontes.



Se algunha vez os gringos aproveitan  
a primavera para estoupar astros  
-e fica todo a escuras no universo-  
tódolos nosos corazóns acaso  
canten nesa noite acompañados  
para que nos escoiten nas galaxias  
que están fóra da man dos asesíños  
e nos empresten mistos e esperanza.



## A MÁQUINA

A Luís García Olmos, meu amigo.

A máquina (S, # xd)  
depende do desprazamento angular  $x$   
e da distancia  $d$  con relación a  $S^4$   
Todo isto expresado en radians  
(206.265 segundos)

A máquina bicorne con fala de dragón  
consome catrocentos galóns de sangue-hora  
medida americana.

Un milleiro de homes trídos de Tainam  
fogueiros de experiencia comprobada  
padexan noite e día suarentos

incenso  
cera virxe

auga bendita  
aceite, sal,  
reliquias salomónicas  
sobrepelices  
mitras  
metendo na rendixa toneladas  
(un sexo aberto, hermafrodita, impuro  
que se empreña a si mesmo e cría monstros)  
de túnicas budistas himnayananas  
chapeos de secta zen feitos de liño  
rosarios de cen voltas  
dos ósos de Sidartha.  
-espasmo insatisfeito-  
a traballar ilotas!

A máquina non goza  
pide o sangue dos nenos  
o leite almibarado da muller primeiriza:  
xa empeza a saloucar  
xa goza  
xa abanea

A máquina retumba  
como un río nacente  
A proporción é a mesma  
da Lei tercia de Kepler  
 $-(1,88)^2 : (1)^2 \# (1,52)^2 - (1,52)^3 : (1)^3 -$

A máquina ouveando de placer e de odio  
e toda a multitude dos homes debuzada  
-o número da Besta gravado na pirola-  
(mércase nas boticas polo precio do dólar)  
o número, aí que medo,  
a máquina non dorme. 666-.





## O OBÚS

E cando medrou a herba e deu froito,  
apareceu tamén entón o xoio. MATEU. XIII-26.

1

O doutor X fecha a porta de sete tarabelos  
do seu laboratorio de Groninga. Fóra  
canta o vento miúdo do serán, brincan os nenos  
falan de amor, baixiño, os namorados.

Ninguén sospeita o agromar da morte.

En verdade  
é terrible a semente que non nace da flor  
que non coñece  
o sorriso do sol  
a mansedume vexetal, o aire  
tecendo o seu pulmón embrionario:  
A semente animal feita de amor e espasmo

un orballo docísimo que encerra  
o fluído da vida e da vitoria.

(O doutor X rise a gargalladas)

Sae o sementeiro nocturnamente

a semear na flor dos erlenmeyer  
unha pisca de odio e tres de uranio  
-fechar un temporal nunha clepsidra-  
e de formento nitroglicerina.

(Quentar o fogo lento  
nun pírex aforado.  
Redondear en pílulas  
fundir ovos de aceiro  
para aniñar en tobos  
de xelo artificial)

O doutor X serve de galiña:  
escarabella no laboratorio  
cacarexa de noite, e non se sabe  
se a pel dos cans presinte unha catástrofe.

Fóra canta o vento miúdo e medra o millo.  
Ninguén sospeita o agromar da morte.

2

No fondo, madre, no epicentro ígneo  
berra o aceiro en ansias de voar.  
Ave agoreira, alcotán da morte,  
azor, tagre, neblí. Escentilante  
pouta no vento. Lóstrego compreso  
en percura de ás e de xenreira.

A cobiza do home foille dando  
pulos a esa paixón aqueloutrada  
e martelou na zafra a pulso vivo  
un vestido de noiva par a morte.



E voou o aceiro no afiado  
gume da frecha, na avidez do sangue  
do coitelo do alfanxe e da navalla.

E foi criando forza e valentía  
ata ficar no ar, non sospeitado.

Fíxose libre o aceiro! Ninguén pode  
conter ese fulgor ceibe no vento.

Foxen as criaturas abraidas  
atoutiñando as sebes de esperanza.  
Ahí vén a morte brutalmente pura  
a retropropulsión na estratosfera,  
é o sétimo cálice que voa  
ira de Deus que fai treme-los montes  
-dá volta o río no seu propio leito  
e corre para os cumes espantado!-

Ahí vén o aceiro, digo a treboada,  
nin tan siquera escoita o alarido  
das rosas. Vén o aceiro

cápsulas de terror furando o teito  
inconsútil do ar.  
Cae o silencio ulindo a moitedume  
interrumpido a secas  
pola oración dunha formiga eivada.



## PÓRTICO

Veleiquí como alzo polida arquitectura:  
sobor do chan das eiras ergo a forte montaña  
e con brunidos aires cingo o imponente cume,  
o amor dáme azos e esbolígame os dedos  
lizgairas cotovías de palabra tan clara  
que fan no vento ponlas ou ascuas tremorosas  
onde se pousan diáfanos os beizos da xeadá.

E rompo limpas fontes de icor abrindo o zarxo  
pra invadir de marmurios o ámbito perfecto  
e plantar nos menceiros freixos na súa linde.

Ouh esta fermosura de ter un bosque íntimo  
cuberto polo ouro das faias, sabugueiros de frescor arrecendor  
carballos de ancho toro  
e esguíos castiñeiros de cerna perfumada.  
Logo criar un cervo fuxidío e deixalo

ser dono desta inmensa devesa luminosa  
para move-la calma con áxiles pegadas.

Perto do sol tender fíos de arame ó vento  
onde as viñas penduren seus acios apretados  
e encontre o vagamundo bastimento e sosego;  
moi a carón a casa ergueita en pedra firme,  
solaina de madeira ollando a lonxanía  
do mar que chega manso como un guerreiro invicto  
florido da tenrura do pai ante o meniño.  
Ter farturenta mesa abacial para os hóspedes  
e unha lareira ampla, onde á amor do lume  
xurda a chama mais alta do amor á humanidade.

Criar con agarimo unha estirpe sinxela  
de toro campesiño e ponlas mariñeiras  
que amen fundamente a entraña paridora  
da Terra Nai, e sintan a saudade infinita  
dos lobos mariñeiros que foron do seu sangue.

E ti, amada, dona do meu que non viñeche aínda:  
amorosa e aberta, alegre coma un sulco

onde cae a semente preñada do vidoiro,  
sín tute xa comigo, a min crucifixada  
como unha margarida tronzada pola leste  
que a miña man erguera convertida en bandeira.

Veleiquí como alzo baruda arquitectura:  
mozos da miña carne brincarían na eira  
e entón a miña patria sería xa tan ceibe  
que non houbera aceiro nen pouta vixiante  
que esta forza que eu planto ó seu pé sometera.





1

Eu amo as minerais entrañas do meu eido  
quixera nun momento que o soterrado seixo  
rubira ata os meus labios e sentírase vivo,  
vivo como unha fera bruantemente viva  
que o amor domeara da súa escuridade.

Ir caíndo en pingueiras enriba da estrutura  
do antracito, do wolfram, onde florece o ouro  
e treman as turbinas das burgas e da noite  
que atafegada dorme no corazón da terra.

Mamar leite materno no fondo dos carballos  
a carón das raíces dos bosques e das veas  
da terra que sotén o centeo  
e entrega ó sol os gromos do pan alegremente.

Náufrago soterrado, feliz entre as estrelas  
de auga primitiva, o corazón mollado

na saiba poderosa que dá lentura ás leiras,  
en silandeiro navegar, amante aínda,  
ter saudade da luz, do sal, de ve-lo vento,  
da chuvia elemental caíndo nos pomares:  
ser orfo, orfo espido, para amar con mais furia  
a flor roxa do cobre e o iris do estaño.

Acaso así sería verdade a miña vida  
vir da profundidade e erguerme no infinito  
enraigado no colo da terra tendo a frente  
como único astro no epicentro das tebras.





8

Sangue callado. Terra escura, terra  
tan clara e perfumada  
que o corazón do home non ten lindes  
dentro da túa luz.

¿Quen avisou a tódolos paxaros?  
Do sur como unha ráfaga amarela  
chegou o ouriol cun asubío:  
Benvido viaxeiro tenaz, lóstrego ou claridade  
das gándaras de cal e limoeiro!

Brinca no ar o gozo transparente,  
digo alabastro ou ágata ou orballo:  
Imos plantar unha cerdeira nova  
de vermello interior vitrificado,  
unha árbore absoluta no infinito  
onde se pouse o vendaval tranquilo  
e a aguia enfurruñada se estremeza  
vibrátil e curiosa como un raio.

Unha cerdeira é un navío inqueda  
que parte na mañá  
e loita, e vence,  
e síntese apretado polo vento,  
e trae a luz sumisa, acribillada  
estendida na xarcia vitoriosa.

E chega a noite: levián, polida:  
unha xarada de estorniños mesta  
que cae, que se derruba, que esmorece  
como un castelo de cristal delgado  
E acubilla os seus ollos  
-tanta feliz negrura asoballada-  
na pureza da flor, na ponla acesa.  
Apousentada así, no vento inviolado,  
ditosa, firme no esquelete de céfiro,  
será como unha fronte namorada.

A chuvia  
poboada de vagalumes frescos  
recibirá no instante un sabor de cereixa  
de mel brunido en vermelliza pérola:

debrúzase no po e novamente  
faise líquida luz  
encadeada luz que agora canta  
de canle en canle en interior albura.  
Imos plantar unha cerdeira nova  
temos que darlle esa alegría ó vento.





9

Feliz viaxeiro subterráneo

morto aínda quente  
docemente morto  
vestido da brancura última.  
Non estás derrotado.  
Non mórde-lo pó agre:  
bicas no teu silencio o corazón da terra,  
ofereceste libre, cheo de luz  
ridente como unha árbore  
unha derradeira árbore medrada de ti mesmo.

Agora é cando

son os teus ollos un bosque:  
os teus ollos que foron un ouvear de lobo  
son agora semente das raíces mais mansas.  
Estás calado e morto,  
pero dentro

no fondo  
no teu esvaradizo corazón cristalino  
retumba o brado da ledicia.

A terra non é fría  
é como estar de novo no acougo  
vaxinal dunha nai  
sentirse arrodeado de garimosas vísceras.

Cánto te amo morto iluminado  
morto terso, feliz  
no barro orixinario.  
Irrompes mainamente, gladiador ceifado  
-mariñeiro-labrego-vencedor-compañeiro-  
na bóveda materna  
atóbaste con gozo  
na oquedade do seo,  
e non sorrí a túa carne murcha  
pero acaso unha rosa se está abrindo dentro.  
Ouh plenitude do amor.  
Ouh morto immaculado. Crisálida.  
O boi bebe da tua gorxa mansedume.

Consumido de amor morto fragante  
roca de vexetal arteria:  
corpo xa confundido escuramente  
na urdime xenital de nai sumersa.  
¿En que eiras tremola o teu himno de triunfo?  
Morrer así douradamente mozo:  
barda de trigo  
debruzada  
caída no amoroso labio dunha fouce  
brillante e cega como a mocidade.

Ouh esencia feraz. Ouh morto. Plenitude.







DE CÓMO REIMUNDO PATIÑO SE TRANSFORMA EN  
MONTAÑA E NACE NO SEU CORAZÓN UN RÍO  
CANTAREIRO: E ANIÑAN O XERÍN E A TORCAZA NO  
FORNO AÍNDA QUENTE DO SEU AMOR: DE CÓMO  
EMERXE DO SEU SER O CONTORNO DA PATRIA

É necesaria esa semente que vén do tempo en que se abriaran rosas  
de cal fervendo. É necesaria a arxila aínda impoluta; o bálsamo  
na súa forma primixenia; o dolmen da brancura ritual aínda incólume.  
É necesario. De tan antigamente rinchan eguas, arromban  
os carros ao mencer a estrutura que escomenza; irrompe  
o teu propio esqueleto xermolando as canteiras. Canta  
o cuco do mesazoico e fixa o calendario, a roda do tempo,  
e a rosa náutica amamanta os ventos e as estrelas.

Abrolla a relva, e o toxo arnal amosa a súa lucería no serán  
-esa hora na que o cervo fica petrificado de vermello na cova elementar-  
cando amabamos o bronce e o seu brado, o himno do druída,  
o pedernal escuro atafegando o seu pequeno vagalume interno.

Na andadura do tempo hai un rei a cantar. Ábrese o códice;  
descífrase a parábola dos astros. Cimentan nos teus ósos os cimborios.  
O pó das lendas estremece as verbas para dicir amor, dicir avelaneira:  
Ferida veño, madre, e no souto nevado  
non há ninguén que diga novas do meu amado:  
E non hei meu amigo!  
Pola beira do río veño d'amor ferida  
e non hai quen me cure que se me vai a vida:  
E non hei meu amigo!  
Veño ferida, madre, ¿U-lo meu cabaleiro?  
e xa non hai abrigo, nin amor, nin barqueiro:  
E non hei meu amigo!  
Oula o falcón e abátense as murallas. O estrondo das cúpulas pola  
[bocarribeira  
ao son da gaita popular: Dacabalo dun lóstrego, Roi Xordo  
fende a pedra sillar, remove a base mesma onde se asenta o coro,  
estabelece o escombros anovador, o éxtase da ruína do tempo culminado:  
cando unha man de ferro nos arreventa os ollos, cando ficamos  
a pedir polas portas das idades. ¡A tristura dos tempos!

E tocan a rebate en Bastavales e xa o teu corazón está avisado,  
a rosa de cen follas enxendra o cántico, renace da súa feble encarnadura  
o aluvi3n da fala: a voz inxel na safra do seu colo queima  
como queima o aceiro das espadas temperado no pozo da soidade.

Todo reverte en ti e de ti emana. A orixe. A cláusula. O cerne e a cortiza:  
a outra estancia fonda onde nacen os r3os; o leiro mineral; o 3mbito das  
[aguas;

os elementos e as materias, o acontecer inmemorial  
que nos prende de ascuas a memoria. Da t3a vértebra  
vaise expandendo o 3vulo dos montes, o rochedo e o musgo,  
o cume e o seu recanto circular onde acobillas o teu pobo.

A arca ancestral; a trabe que sustenta un íntimo universo.

“Io non pensaba che lo cor giammai  
avesse di sospir tormento tanto”...

Foi cando a pomba te cruzou de esguello para abrir a ferida milenaria, a fonte  
pola que deitas o perfil dos cómaros:

Que de toda a ternura soterrada canda o teu corazón  
ten que ir xurdindo o contorno sen límites da patria.

## **ENTREVISTAS**

Entrevista 1: Gravación extraída do programa radiofónico *O son da súa vida*, conducido por Cristina Lombao. Radio Galega. 1989.

Entrevista 2: Gravación extraída do programa radiofónico *A Viborona*, conducido por Ana Romaní e Antón Rodríguez López. RNE. Radio 4. 1988.

A transcripción dos textos está adaptada, fundamentalmente en cuestións ortográficas e gramaticais, á actual normativa lingüística.

O poema “Chachahu” pertence ó programa radiofónico *A Viborona*, conducido por Ana Romaní e Antón Rodríguez López. RNE. Radio Catro. 1988. Para a súa transcripción seguiuise a versión recollida en *Antoloxía* (limiar e escolma Ana Romaní) editado por Galaxia en 2003.

## ENTREVISTA 1

—*Un sábado máis despois do boletín informativo das catro da tarde chega “O son da súa vida”, ese tempo para falar, para escoitar música e para coñecer máis a un invitado. A verdade é que a hora sempre se nos queda curta -é o que dicimos cada sábado- pero hoxe quizais máis. E ademais eu estou moi leda de ter connosco a este invitado, do que todo o mundo di, unanimemente, que é unha boa persoa, e iso xa é algo para celebrar. Imos empezar con algo de música, mantendo así iso de “quén será, quén non será” e imos dar unha pista, porque imos empezar cunhas habaneras, que teñen algo de especial, porque habaneras cantábanse e son algo que vai na tradición da zona de onde é o noso invitado de hoxe. ¿Quen será? Despois das habaneras.*

—*Pois quizais estea a xente intrigada intentando localizar esa zona onde se cantan habaneras. Don Antón Avilés de Taramancos vains explicar agora o por qué de que na súa zona, na zona de Noia, do Porto do Son, se cantan habaneras.*

—*Case toda a miña infancia está poboada de veleiros e hai, paréceme a min, tres zonas onde se cantan habaneras: en Noia, en Corme e en Ferrol. Eu cando era rapaz vía desde a miña aldea de Tara-*



mancos entrar os veleiros na ría en todos os anos corenta e case os primeiros anos 50 –despois xa se acabaron os veleiros– pero a música das habaneras cantábase e cántase aínda en Noia de continuo. É unha música que quedou quizais daquel tempo en que os veleiros ían ao sur, viñan cargados de viño, de sal; había un contacto permanente cos barcos que ían a América e entón traían do sur todas estas habaneras que aínda hoxe se cantan moito na vila. Polo tanto, cando eu escoito unha habanera lévame de inmediato á infancia e lévame ao mundo dos veleiros que eu tanto amo.

*—Pois precisamente era de aí de onde queríamos partir, da infancia, para ir percorrendo a súa vida gracias á música. ¿Que máis cousas recorda da infancia ademais dos veleiros? E, ademais, eu quería preguntarlle, aínda que esta foi unha decisión que tomou cando xa era grande, ¿por que lle rende esa homenaxe constante a Taramancos, a aldea onde naceu, porque Taramancos non é en realidade o seu segundo apelido? ¿Por que lle quixo render esa homenaxe?*

—Ese é un proceso un pouco literario. O meu segundo apelido é Vinagre, que é un apelido de Noal, do Porto do Son, onde está asentada a familia Vinagre desde hai moito séculos quizais. Pero Taramancos era así un pouco un nome moi soante, e algunha vez con Uxío Novoneyra e con Manuel María, que eran tan amigos de estar recitan-



do sempre aos trobadores, decidiron que eu debía poñer o nome de Taramancos, porque soaba así moi trobadoresco. Así xurdiu o Avilés de Taramancos e entón o nome literario, realmente, foi Avilés de Taramancos, Antón Avilés de Taramancos. Despois xa quedou como costume e agora, xa, ao longo da vida, dicir Taramancos é coma un apelido, realmente.

—*Si, absolutamente. Pero cóntame algún recordo máis da túa aldea.*



—A miña é unha aldeíña pequeniña que está así un pouco deitada cara ao mar e que aínda que está fronte ao mar é unha aldea de labregos. Ou sexa, que o mar está como paisaxe de fondo pero no que non se participa case a non ser en faenas de marisqueo ou de mar próximo, pero non de mariñeiros que vaian realmente ao mar. Eu supoño que pasará iso bastante en moitas aldeas de Galicia, que aínda que están moi preto do mar, na bocarribeira, son aldeas de labregos. Entón o mar para min sempre quedou tamén como un fondo na paisaxe. A min gústame o mar, pero velo desde a montaña, ver a paisaxe mariña, pero non estar no mar realmente, aínda que loxicamente eu son tamén un mariñeiro e gústame andar no mar, pero, poeticamente o mar para min significa sempre esa paisaxe de fondo. E de toda a infancia, que foi unha infancia tranquila e repousada, como son as infancias nas aldeas, nuns



anos difíciles que eran os anos da posguerra –eu nacín no 35 e polo tanto as primeiras memorias que teño son dos anos 40–. Á parte de que era unha época bastante dificultosa en canto a problemas de mantenza, incluso de trato, porque aínda quedaban moitos resentimentos da contenda que houbera, foi unha infancia moi tranquila, moi feliz, dentro do que pode ser feliz un rapaz da aldea que ten un mundo moi seu, entre as sementeiras, as colleitas, ver nacer as plantas, ver como vai crecendo o centeo ou o millo, coñecendo todos os paxaros, todas as árbores. Todo ese mundo faille a un unha riqueza moi grande despois para o que é o traballo literario e o idioma literario, porque dalgún xeito estás coñecendo a esencia da terra. Ver como se abre a terra ao arar, ver como se bota a semente e despois como vai crecendo, como vai medrando o millo, o centeo, ou como vai medrando o pan. Iso é importantísimo e queda sempre un marcado para toda a vida como labrego; ou sexa, que a ansia final sempre é ser labrego, é volver outra vez a sementar e a colleitar.

*—Antón, estaba pensando eu –mentres falabas xa se me ía un pouco a idea– que durante todos eses anos, esa infancia tranquila, ti comentabas antes que escoitabas como unha música de fondo, que non a tiñas moi nidia, moi clara, pero que aí estaba. ¿Que che parece se imos por ela para seguir falando? [“Ai, Carmela”]. Pois imos deixar*

*nós tamén un pouco de fondo esta música para seguir falando, porque hai moitas cousas que contar e senón non nos dá tempo. Comentábas-me que despois deses primeiros anos de infancia, da túa aldea, saes a Noia a estudar bacharelato e despois á Coruña.*



—Sí. Noia queda moi cerquiña de Taramancos, está a dous quilómetros, e loxicamente era unha viaxe que facía cada día a pé catro veces. Ía pola mañá á escola, volvía ao mediodía á casa, volvía pola tarde e regresaba pola noite; ou sexa, que é vivir en Noia, porque dous quilómetros non significan unha distancia grande. Despois de Noia fun para A Coruña tratando de estudar Náutica, que era unha idea que tiña meu pai. Como el era mariñeiro, navegante en barcos mercantes, pois soñaba, como me parece xusto que soñe calquera pai, con que o fillo fose capitán dun barco, pero loxicamente as miñas ideas non eran precisamente esas. Eu xa estaba un pouco metido no mundo literario, xa comezara a publicar algún poema na revista *Tapal* de Noia e estaba por outro camiño. Estudiar Náutica para min era un esforzo que non levaba así de moi bo xeito e que ao fin houbo que deixar. Á parte tiña serios problemas con certificados do SEU, e con cousas desas, que non me daban de moi boa gana pola traxectoria de meu pai no exército republicano. Entón, unha vez na Coruña xa me metín máis ben no mundo literario e no trato con todo aquilo que tiña algo que ver coa plástica, coa pintura, coa literatura, incluso coa radio –fun bastantes veces á radio

naquel tempo–, e entón na escola de Náutica fixen a penas os dous anos de Náutica pero xa nunca fun en realidade un mariño mercante. Quedei na literatura.

*—Naquel tempo xa empezabas a publicar. ¿Con que xente te encontraches na Coruña, Antón?*



— A Coruña daquela era unha cidade moi viva, moi viva literariamente, na que había gran cantidade de tertulias e na que un entra-ba con certa facilidade. Había as tertulias do café Galicia, onde asistía todo aquel mundo literario e artístico da Coruña, e había outras tertulias máis, na Peña Enrique, ou, incluso en casas particulares, coma a de don Uxío Carré Alvarells, onde nos reuniamos de vez en cando. Case toda a miña estancia na Coruña está marcada pola miña grande amizade con Urbano Lugrís, que é un pintor extraordinario; moi mal tratado pola vida e pola morte, pero un home cunha cultura tan grande que foi para min, quizais, a iniciación a un mundo literario moito máis aberto e a coñecer realmente case toda a cultura universal. Era unha universidade andante Urbano Lugrís, pero ao mesmo tempo era un home moi tenro, así como era grande, que case medía dous metros, e levábame a min loxicamente 30 e algo de anos. Sen embargo amparoume dunha maneira moi especial, en toda esa época dos 50 –eu cheguei á Coruña no ano 53, a finais do 53– ata os 60, en que me fun para

Colombia. A amizade con Urbano Lugrís, e con case todos os pintores coruñeses daquel tempo, marcou unha época determinante na miña vida polos coñecementos, pola maneira de vivir –que era quizais a última bohemia–, polo enriquecemento literario con Urbano Lugrís e con moita outra xente. Sempre recalco un pouco o de Urbano Lugrís porque era o que estaba máis preto de min e o que realmente me abría camiños no coñecemento literario universal, porque era un home que recitaba en alemán ou en inglés ou en portugués ou en francés, que coñecía a todos os grandes poetas do mundo e que ademais dábachos a coñecer dunha maneira tan íntima que entendías de inmediato e realmente deixábase unha marca. Podías despois ir pouco a pouco peneirando toda esa poesía ao longo dos teus libros e dos teus versos. É unha cousa especial, e cando escoito un tango de Gardel sempre me acordo de Urbano Lugrís porque era quizais o único home do mundo que tocaba o piano cos pés, cos dedos dos pés. E facíame esas filigranas curiosísimas que se poden facer. A nai de Urbano Lugrís era unha pianista de moita sona que daba concertos por Europa adiante, en Viena, en París, nos seus tempos. E entón el tiña esa grande afección ao piano, pero a min por facerme sempre aquelas carantoñas –porque o Urbano era un home bastante divertido cando quería– e porque era moi afeccionado, como supoño que moita xente daquela época, aos tangos de Gardel, cantábame sempre algún tango de Gardel e facía unhas notas

cos dedos dos pés, para facerme unha demostración, case circense, de como se toca o piano.

*—Pois imos con ese tango de Gardel e despois seguiremos falando de Urbano Lugrís e da Coruña. Estabamos na Coruña e estabamos lembrando a Urbano Lugrís, un pintor e moitas máis cousas, porque ata tiña esa habilidade que nos acaba de comentar o señor Avilés de Taramancos.*



—Si, pero había moito máis ca Urbano Lugrís, aínda que eu sempre vou a Urbano pola grande amizade que tiñamos e porque viviamos moitísimas cousas xuntos. Había realmente un mundo rico na Coruña, sobre todo no mundo da pintura. Do mundo da literatura chegaban loxicamente todos os escritores daquel tempo, andaba o Novoneyra na Coruña, estaba Manuel María, chegaba Cunqueiro, chegaba o Celso Emilio, estaba Garcés alí, estaba o Manolo Álvarez Torneiro; había unha serie de escritores e xente que chegaba permanentemente, pero había un ambiente artístico na Coruña, sobre todo no mundo da pintura, no que eu participaba moito. Con Xosé Luís, que tiña o seu estudio na Rúa Real, con Alfonso Abelenda, con Alexandre González Pascual, que é un dos grandes pintores de Galicia e, como é un home moi modesto e está sempre retirado, case ninguén o nomea. No estudio de Alexandre González Pascual foi onde me comezou a min o gusto

pola música clásica. Sempre había un fondo de música de Paganini, que agora podíamos escoitar un momentíño.

*—Mentres estabas falando de toda esa xente que ía e viña da Coruña, todos eses poetas e escritores, non sei se nos faremos ben á idea porque nós non vivimos unha época dura, difícil. E, tal vez, a xente da miña xeración, a xente máis nova, pense que andar pola Coruña, escribir en galego, dicir o que se dicía e contar o que se sentía, era doado, e era coma agora. Por qué non nos debuxas un pouco cómo se facía literatura, qué problemas había. Comentábame alguén que chegaba un momento en que había autocensura, é dicir, “eu xa esto non o vou escribir, porque total non me van publicar”. ¿Como se vivía nesa época?*



—Si, dalgunha maneira condicionábante, ¿non? Íaste mentalmente acondicionando a poder escribir o que se podía escribir. Pero había casos, e sobre todo na poesía, en que loxicamente te desviabas un pouco do que era a censura, aínda que eu tiven problemas coa censura, como era natural. Problemas porque A Coruña naquel tempo, aínda que era unha cidade moi alegre, moi íntima, porque case nos coñeciamos todos, era unha cidade pequena, controlada, porque era o sitio de veraneo do caudillo, e entón estaba bastante controlado todo o persoal nese tempo. Había a censura, que levaba Información e Turismo, o señor

Serrano Castilla. Eu publiquei un libro por subscrición pública na Coruña, que foi o meu primeiro libro, *A frauta i-o garamelo*; por subscrición que facían os amigos mesmo polas tabernas, que se publicaría en Editorial Moré, e para publicar ese libro, que eran dezanove poemas feitos aos paxariños –eu quería que cada poema fose a voz dun paxaro, dos paxaros que eu coñecía da infancia, claro–, presentouse en Información e Turismo para a censura e deixaron unicamente dous; dixeron que os demais non se podían publicar. Esa foi unha das miñas idas ao mosteiro de Samos, onde coñecín e vivín unha temporada co padre Mauro, con Xosé Luís o pintor, que estaba naquel momento pintando o claustro de Samos, e cun escultor catalán, que agora fai queimadas na rúa da Torre, que se chama Carlos Moya e que facía un pantocrátor inmenso en Samos. O padre Mauro, que era tío político de Serrano Castilla, foi ao final o que deu a autorización para poder publicar o libro, aínda que o libro realmente non tiña nada que puidese molestar. A única cousa que dixó era que el non o entendía. Como era granadino, entón era unha especie de aduana, máis ca censura, para calquera cousa que fose en galego ou que tivese algunha problemática que eles podían dicir que non se axeitaba ao momento, e claro había problemas, loxicamente. Pero tamén hai unha especie de saber estar dentro do tempo e dos problemas e loxicamente nós estabamos enfrontados a unha situación que era moi difícil pero que sabíamos esquivar.



—O certo é que Mozart tamén me leva a outro momento moi especial, que é o primeiro concerto de Luís Izquierdo na Coruña. Luís Izquierdo era un músico do noso tempo, que agora está de director da Orquestra de Cámara de Sevilla, co que participabamos en todos os ensaios e en todos os concertos que el quería facer como director de orquestra. E entón o seu primeiro concerto na Coruña foi precisamente coa *Pequena serenata nocturna* de Mozart, e sempre que a escoito sempre me leva a ese momento, que foi emocionante, realmente, ao ver como un compañeiro e un amigo triunfaba na Coruña naquel tempo.

*—Ben está Mozart se nos serve ademais para lembrar amigos, porque a verdade é que o señor Avilés de Taramancos na Coruña viviu con todo o que era arte; non só co que é pintura ou literatura senón tamén coa música. Non lle quedou nada por tocar.*



—Ben, porque era un mundo tan íntimo e era unha cidade pequena daquela A Coruña, de 100.000 habitantes ou algo máis, pero na que había todo un mundo artístico que se movía nuns centros moi específicos e que todos nos coñeciamos, todos participabamos de todo e había unha verdadeira amizade entre todos. Eu andei moito con pintores e sempre me quedou como unha ansia, incluso, de pintar, para o que son totalmente incapacitado, pero si vivo moito, aínda hoxe, o mundo da pintura. Quizais a historia da pintura da Coruña daquel tempo



esteira por facer, porque había pintores realmente importantes que puxeron as bases quizais da pintura moderna en Galicia, como Alexandre González Pascual, Alfonso Abelenda, Mariano García Patiño, Tenreiro, Antón Xesús. Había unha serie de pintores na Coruña que dalgunha maneira romperon coa vella tradición pictórica de Seijo Rubio, Sotomayor, o vello Manuel Abelenda, para entrar no mundo novo do expresionismo e da pintura moderna. Entón eu convivín moitísimo con eles e, sempre que vou á Coruña, vexo aínda que hai un pouco de esquezo do que foi a gran ruptura e a grande importancia que tivo a pintura naquel momento.

—*Estaba pensando eu que vostede foi á Coruña en teoría estudar Náutica pero non estudiou porque non era o seu e, entón, ¿que facía na Coruña? Porque quedou máis deses dous anos.*

—Eu creo que fixen un pouco de todo. Á parte da bohemia, vivir naquela pensión de dona Flor, que era unha marabilla, onde vivía con Alexis [...], un ruso que chegara perdido pola Coruña, cun holandés que se chamaba Jon [...], que era escultor, e que fixo un San Xosé que aínda está alí na Igrexa de San Xosé na Coruña. Era unha vida en que fixen un pouco de todo: estiven traballando en Genosa —as primeiras pedras de Genosa puxémolas nós alí—, estiven traballando de químico en Emesa, facendo fundición de aceiro. Foi o primeiro expe-



rimento que se fixo de fundición de aceiro na Coruña e fomos case todos os bohemios participar naquela tarefa, con Pucho Ortiz, con Urbano Lugrís, que tamén ía por alí frecuentemente. Eu estaba encargado do laboratorio e facía as análises no sponge do carbono e do manganeso do aceiro por un libro italiano porque non había libros de texto de análises químicas naquel momento. En fin, eran unhas aventuras de mocidade pero que a min íanme abrindo uns camiños de coñecementos en case todos os campos aos que eu podía chegar, loxicamente. Na Coruña, máis ca vivir sobreviviamos a unha etapa bastante escura, en que todo estaba, como dicía antes, moi controlado, cun capitán xeneral árabe, cun gobernador civil requeté, cunha policía que estaba sempre moi atenta a todo o que pasaba. Pero á fin e ao cabo había, por exemplo, un xefe de policía, o señor Manzano, que escribía novelas do oeste co pseudónimo de Almaz, que, dalgunha maneira, participaba tamén nas tertulias literarias. Tivemos algún problema grave, que os había, sobre todo con Urbano Lugrís, por exemplo naquel discurso cando viu partir o Auriga cargado de emigrantes para Venezuela e botou un discurso no peirao da Coruña, que foi famoso. Fomos detidos os dous, loxicamente, e o señor Manzano, que era un grande admirador tanto de Urbano Lugrís coma de todos os escritores que andabamos por alí, tívonos unha noite na comisaría pero levounos un polo asado para cear.

—*Eran detalles dunha vida en que dentro dese malos momentos tamén tiña os bos, a camaradería, a amizade e a música, que non se pode esquecer.*

PISTA  
22

—A música sempre é o fío dos recordos, e aínda que hoxe estamos con esta música outro día podíamos estar con outra, porque a música é cando soa cando nos leva a ese momento específico do recordo. E eu creo que hai agora unha música, que é de *Mustafá*, que me leva a outro grupo de xente coruñés co que convivín moito, que nos queríamos moito, que é o mundo de Reimundo Patiño.

PISTA  
23

—Non é a letra clásica do *Mustafá* (...) o que nós tiñamos daquela como himno alxerino e que cantaba o Reimundo Patiño cunha voz moi forte. Co Reimundo Patiño uniunos sempre unha amizade moi fonda, porque vivimos desde mozos na Coruña o enfrontamento coa realidade. Con Reimundo Patiño, con Xoán Casal, con Henrique Iglesias, con Pepe Barxa, con Eduardo Martínez. Eramos un grupo de rapaces nacionalistas enfrontados indubidablemente á situación que se vivía na Coruña naquel tempo e este himno —que viña un pouco así como filtrado— nós tiñámolo coma se fose o himno de liberación de Alxeria e entón cantábámolo moi frecuentemente naquel tempo. E cantábámolo na letra normal que tiña naquel tempo, que non é precisamente a versión deste disco. Pero eu ao escoitar esta melodía vexo sempre ao Reimundo Patiño coa súa gran gargallada e a súa forza —que era un mozo

moi forte e moi noso— cantando isto e outra canción que non está gravada, que era o himno dos ultreias, que eu levara desde Noia, un himno que Álvaro das Casas impuxera desde Noia; era: “Ei Armórica, Cornubia, Cambria, Gales, Erín, Galiza e a Illa de Man”. Ese era o noso himno de batalla e entón sempre que escoito ao *Mustafá* acórdome desa época de Reimundo Patiño na Coruña.

*—Falaba dunha xeración, dun grupo da Coruña, de xente nacionalista. ¿Sentísteosvos nalgún momento como unha xeración de enlace? Hai críticos literarios, xente importante dentro do mundo da literatura, como o señor Méndez Ferrín, que vos considera esa xeración necesaria de enlace entre unha tradición que se perdeu coa guerra, que se rompeu coa guerra, e vós, que fostes os primeiros que volvestes escribir dalgunha maneira en galego, aos que vos chegou de primeira man dalgunha maneira información e cultura. ¿Vós tiñádelo claro daquela?*



—Non, esas son cousas que se din despois ou que se analizan despois. Nós, loxicamente, tiñamos vinte anos e non estabamos para analizar nada. Había unha conciencia profunda de quen eramos. De quen eramos como persoas, de quen eramos e de onde estabamos, que é o que hai que saber sempre, senón un anda perdido. Co Reimundo Patiño e co Xoán Casal, que era un pouco o nó que nos unía a todos,

porque Xoán Casal, aínda que morreu aos vintetrés anos, era un rapaz moi serio, moi coñecedor. Era unha especie de filósofo que, aínda que era moi mozo, tiña unha certa autoridade sobre nós e era o que nos amansaba un pouco, porque nós eramos bastante toleiróns, se se pode dicir a verdade. Loxicamente a tolería dos vinte anos, pero tiñamos consciencia de nacionalistas, sabiamos o que estabamos facendo. O que non tiñamos era a perspectiva histórica de que nós significasemos algo posteriormente, pero a forza que tiñamos era a esencia mesma da terra. Eu acórdome, por exemplo, de que con Reimundo Patiño e Xoán Casal fomos algunha vez aos montes de Carballo, por ser a terra de Bergantiños, onde fixeramos unha queimada –cando as queimadas se podían facer sen a transcendencia que teñen hoxe porque hoxe xa están deterioradas– e xuramos non escribir nunca unha palabra en castelán. Eran xuramentos quizais inocentes pero que gardamos sempre, dalgunha maneira comprometeunos iso para toda a vida.

*—Pero Avilés, eu véxoo moi difícil sen ter xente detrás que che ensine, que che marque un camiño. Porque, de feito, comentábanos un día don Avelino Pousa que el enterrou os libros que tiña na horta e, de repente, despois de moitos anos desenterrou e apareceu entre eses libros nin máis nin menos que toda a teoría de don Antón Vilar Ponte. Quero dicir, ¿non tiñades ningunha referencia?*



—Non había referencias no mundo literario porque todo estaba apagado, loxicamente, pero había persoas, e había persoas que nos amparaban e que dalgunha maneira estaban atentas a marcarnos algunha pauta e algún camiño. Por exemplo na Coruña estaba don Uxío Carré Alvarellos; toda a familia Carré estaba moi atenta a todo este rexurdir da mocidade e dalgunha maneira tennos levado á súa casa, tennos mostrado libros. Chegaba don Ramón Otero Pedrayo á Coruña, que era unha especie de catedral andante; e chegaba Álvaro Cunqueiro, que, aínda que non significaba politicamente moito nese terreo, era un escritor en galego que coñecía o mundo anterior e que, dalgunha maneira, dábanos referencias tamén. Chegaba Aquilino Iglesia Alvariño, o Celso Emilio, aínda novo. É dicir, había un contacto tamén co mundo de atrás e co mundo que estaba apagado e eses eran os que nos alentaban realmente. Un abrazo de don Ramón Otero Pedrayo loxicamente era case un abrazo da patria. Engadiría a dona Gala, a filla de Rosalía, que eu teño ido visitar algunha vez. Estaba Lugrís, que era o fillo de Lugrís Freire. Había un contacto tamén con todo o mundo anterior, da Academia Galega; aínda que a Academia Galega estaba en receso, había aínda algúns personaxes que traían do mundo de antes todo este contacto. Entón, aínda que un tiña vinte anos e non era consciente totalmente do labor que estaba facendo, a terra sempre ten esa forza que dalgunha maneira se comunica.

—*Quizais por ese xuramento que comentabas antes que fixeches nos montes de Carballo, e por outras cousas, foi polo que un día, sen pensalo moito, tiveches que marchar a Colombia.*

*Colombia é moitas cousas para o señor Avilés de Taramancos porque alí viviu vinte anos nin máis nin menos, e ademais vinte anos que son moi importantes. Desde os vintecinco. En fin, toda a vida.*

PISTA  
26

—Pois si. Non toda a vida porque aínda hai moito por facer pero si, quizais, a parte máis importante da vida, dos vintecinco aos corenta e cinco anos. E sobre todo porque para min Colombia é tamén a miña terra, loxicamente, porque dalgunha maneira eu non son un emigrante que fose en busca de fortuna, nin moito menos, senón que me fun integrar a un país e a unha xente. De alí é a miña muller e os meus fillos e entón convivín e participei na vida de Colombia; fun un colombiano máis mentres estiveren alá e síntome aínda colombiano, loxicamente, na parte que me toca.

PISTA  
27

—*¿Como era Colombia cando chegaches aló polo ano 60?*

—A min o que máis me impresionou ao chegar –fun nunha viaxe de avión de 24 horas daquel tempo, nun DC 6 superconstelation, que eran os grandes avións daquela, e cheguei, como é natural, sen nada; cheguei a Colombia con nove dólares e o primeiro día de estancia xa tiven que gastar cinco, ou sexa, que tiña que andar moi esperto para poder

sobrevivir– foron as grandes cordilleiras, os grandes montes. Levando os ollos aos nosos montes de aquí, que son así tan dondos e redondiños, chegar e ver montes de catro mil metros, loxicamente, queda un un pouco espantado. Esa é a primeira impresión para os ollos dun galego que nunca saíra de Galicia. Pero tamén son as grandes chairas, as grandes extensións; o ver unha grande extensión case ilimitada de terra aberta. Loxicamente a música tamén. Colombia é quizais o país máis musical de toda Hispanoamérica, que xa é dicir. Porque conflúen en Colombia desde o Caribe ata o altiplano, a chaira, o Pacífico, e iso dá unha cantidade de ritmos inmensa que inflúen case en todo o resto da música de América Latina. Países que non teñen música de seu, como Venezuela, por exemplo, onde case todos os ritmos son colombianos. Incluso o que se chama himno case nacional venezolano, que é este joropo que se canta permanentemente ou que soa permanentemente, é música colombiana.

—*Antón, en Colombia fíxeches de todo. Se o primeiro día gastaches cinco dólares dos nove que tiñas ¿como fíxeches para seguir vivindo?*

—Pois gastei cinco dólares porque me levou dous dólares o taxista do aeroporto ao hotel e dous dólares a primeira noite de durmida e algo que houbo que comer; xa se foron os cinco primeiros dólares e o susto foi terrible porque non me quedaban máis que catro e





loxicamente xa non sabía cómo ía vivir ao outro día. Entón había que buscar traballo de inmediato no que fose, e, ademais, co problema de que eu non tiña a ninguén en Colombia, non coñecía a ninguén. Entón loxicamente ao outro día pola mañá foi tratar de buscar toda a prensa que puidese atopar e a ver qué posto de traballo había onde fose. Pasei aínda así uns catro ou cinco días sen atopar nada ata que atopei un posto de corrector de probas nunha imprenta onde me daban xusto para facer unha comida ao día e para poder durmir. E así pasei tres ou catro meses, pero despois xa fun coñecendo o ambiente e xa me fun máis ou menos colando nel ata que quedei integrado ao país.

—*Por aí lin eu, cando buscaba algunha documentación sobre a túa vida, que en Colombia exerceches desde como corrector de probas ata os oficios máis impensables e que nos soan a nós como máis exóticos. Fuches guía polas montañas, fixeches de todo.*



—Si porque aos vintecinco anos enxergas a vida dunha maneira moi libre e sen pensar en riscos nin en cousas. Vívela intensamente. Entón, tamén na América conflúen todos os personaxes, e eu coñecín alí ao Miguel de la Quadra Salcedo, que naquel momento estaba vivindo nun edificio en construción, colgado cunha hamaca por alí e saía todas as tardes pola carreira [...]. Entón coñecemos, fixémonos moi amigos e tivemos unha serie de idas pola selva ao Amazonas, a Leti-

cia, a Iquitos, ao Perú. Tivemos unha serie de contactos con tribos e entón foi un movemento moi intenso daquela. Cando un ten eses anos dalgunha maneira necesita tamén ese momento de aventura.

*—Sabes a quen me está recordando, de quen me lembrei non pola música senón por un nome que acabas de pronunciar: por Iquitos. Lémbrome dun home que foi galego e que conquistou –dalgunha maneira non conquistou, senón que se integrou– as selvas amazónicas. O famoso Caramurú. Supoño que ti quizais tes algunha información deste galego tan interesante.*



—Non, non teño máis cá información que vén nos libros. Pero alí viviamos... Eu tamén encontrei un galego que era xefe dunha tribo no Amazonas e era de Betanzos, o cacique Pataraña, que lle chaman alí. Ten como cincuenta e tantos fillos e está alí vivindo para sempre moi cómodo e moi tranquilo, dentro da tranquilidade e da comodidade que pode haber nunha tribo; aínda que as tribos están moi desprestixiadas e moi pisadas, tanto agora coma na conquista, ou sexa, que tampouco é que leven unha vida moi alegre, pero o home está defendendo a súa xente e está no seu sitio. Todo iso foi, por chamarlle dalgún xeito, aventura. Era unha maneira de vivir que o Miguel de la Quadra coñecía máis ou menos ben naquel tempo e iso foi unha etapa. Pero despois diso fixéronse moitísimas cousas, en vinte anos en Colombia –e ademais iamos

ao Perú, a Venezuela, a Panamá, en fin, a todos os países circundantes— desde ter unha churrería para andar polas feiras, ou ter unha librería, ou os mil traballos que pode ter unha persoa. En América sempre se improvisa, ademais, porque é unha terra moi aberta e moi libre para facer mil cousas. Non hai ese asentamento que hai aquí de coller unha cousa para toda a vida. Alí cámbiase permanentemente.

*—Pois nós temos que cambiar, porque eu quería chegar a Noia, e ímonos despedir de Colombia con outra música colombiana, un popurrí colombiano, e imos chegar a Noia rapidamente porque queda moi pouquiño tempo.*



—Aí está Cresencio Salcedo. Esta música sempre me leva a Medellín, a ver este músico que andaba a pedir descalzo polas rúas de Medellín, coa súa frauta de cana, tocando esas melodías que deron a volta ao mundo e que lle roubou un home que se chamaba Carlos Fuentes, que gravou e que el é o que cobra os dereitos. Ás veces pasa iso porque Cresencio Salcedo era un home do pobo, e iso é case música popular colombiana, de frauta de cana. Entón iso sempre me leva a aquela figura tan entrañable de Cresencio Salcedo co seu sombreiro posto na beirarrúa para pedir, e facendo as melodías que deron a volta ao mundo e que levaron a música colombiana a todas as partes. Esa é quizais a miña despedida de Colombia.

## ENTREVISTA 2

—*¿De que xeito todas as vivencias de Colombia afectan á túa poesía?*



—Eu sempre tiven a poesía un pouco á marxe do que é o desenvolvemento natural da vida. A poesía sempre foi para min unha especie de refuxio onde, despois de todos estes avatares que se poden relatar, e que forman parte xa máis ben dun pasado que dun presente, tiña ese recuncho da poesía, espiritual, se se quere, para poder zafarme un pouco do andar aqueloutrado do que era en certo modo sobrevivir. Entón, pois non sei, algo se pode transvasar á poesía porque a vida á fin e ao cabo dalgunha maneira é un espello no que a poesía se reflicte ou viceversa. Pero non é precisamente toda esta cousa que se dixo antes, unha fonte esencial da poesía. A poesía é algo máis fonda, algo máis profunda, é ir desvelando o misterio das cousas. Se ten algo que ver algunha vivencia, algún xesto ou algunha cousa que a un lle queda, no fondo é máis ben ese refuxio que un busca.

—*¿Despois de pasar tanto tempo por terras colombianas e de integrarte na súa comunidade ¿como viviches o reencontro coa terra, posiblemente idealizada na distancia?*



—A terra sempre se idealiza e, sobre todo, hai un problema grave, que se vai dividindo a mente en compartimentos e, cando te vas, levas unha imaxe da terra que queda fixa na memoria, unha especie de postal, que, cando chegas de novo, está destruída dalgún xeito porque todo avanza, todo vai para diante e todo iso vaise consumindo e destruindo co tempo. Entón levas, cando chegas, un pouco a desilusión de non atopar as cousas no seu sitio, polo menos certas cousas no seu sitio. Porque un coñece as árbores e as pedras por onde andou e, cando chega, non as atopa realmente no mesmo sitio. Non atopas realmente a xente no mesmo sitio, e ti sempre a estás vendo na memoria máis ou menos apousentada no sitio en que a deixaches e entón hai unha certa desilusión e un certo enfrontamento contigo mesmo porque sabes que hai algo xa irrecuperable para sempre.

—*¿Que é máis importante a natureza e o ambiente de Galicia ou a xente?*



—Sempre é máis importante a xente, loxicamente. A natureza á fin e ao cabo é un escenario onde se move a xente e nós somos parte da xente. Entón a xente é o que che dá ese espírito de ir entendendo a natureza. Vanse compenetrando. Loxicamente ti sabes que hai unha teoría, que parece que descubriu don Ramón Otero Pedrayo: que a xente e a paisaxe, dalgunha maneira, se van entendendo e vanse compenetrando.

do de tal xeito que chegan a ser a mesma cousa. Pero indubidablemente sempre é a xente, o espírito da xente, que incluso hai a teoría de que non morre senón que vai facendo sedimento da patria, que dalgunha maneira vai facendo ese fluír eterno que nos fai os xestos e que nos fai a palabra e que nos fai a maneira de ser. Entón a xente sempre é máis importante indubidablemente cá natureza.

—*¿En que medida os Cantos caucanos son o tributo ou a débeda que tiñas contraída con Colombia?*



—Non é ningunha débeda, porque eu formo parte de Colombia como formo parte de Galicia. Iso parece unha cousa rara pero é así. Eu pasei vinte anos en Colombia, vinte anos que foron quizais a mellor parte da miña vida porque pasei dos vintecinco aos corenta e cinco anos e entón a vivencia é forte. Máis ca unha débeda é unha especie de psicanálise para ir entrando outra vez na miña terra e botando fóra a presenza sempre viva e quente do que son aquelas terras e aquelas xentes. Entón, dalgún xeito, para ir penetrando outra vez, ir achegándome á miña propia terra un pouco limpo de todo o que puidera haber detrás. Ese libro é iso.

—*¿Como atopas a terra hoxe?*



—A terra sempre a atopo ben. Pode haber certos problemas, certos encontros ás veces non axeitados, e certa loita cun mesmo

para estar no momento actual porque, cando estás tanto tempo fóra, queres integrarte moi pronto e non é fácil porque loxicamente estás un pouco desfasado. Agora xa pasou tempo desque eu cheguei e xa estou máis ou menos ao tanto de todo, pero ao principio foi moi duro.

—¿*Como ves a situación política e cultural?*



—Eu vexo, se son sincero, moito egoísmo, moito individualismo e moita desunión, moito problema de ferirse uns aos outros. É difícil pero supoño que é transitorio. Chega un momento en que despois dunha loita permanente, agre, difícil, hai un desgaste e calquera cousa nos fire. Estamos todos un pouco queimados; entón calquera cousa que se nos di, aínda dun xeito máis ou menos non intencionado, ás veces fírenos demasiado e estamos todos un pouco en carne viva. Entón iso é perigoso pero eu creo que foi necesario, e dalgún xeito vaíse superar.

—¿*E máis fácil ser galego fóra de Galicia que dentro?*



—Ser galego é unha cousa esencial con un e un ten que ser galego a pesar de todo. Agora ben, ser galego fóra de Galicia é unha especie de cruz que un leva encima porque non te podes liberar nunca nin podes ser feliz nunca. Eu convivía con outras comunida-

des de todas as partes do mundo –porque vós sabedes que América é unha especie de crisol onde se reúne toda a xente do mundo–, e viaos moitas veces en cantidade de festas e de concursos, todos moi felices; e nós sempre estamos un pouco arrastrando ás costas a nosa terra. Iso é unha chaga permanente, algo que non podemos superar; a min iso entristecíame moito porque ás veces quería liberarme pero non puiden liberarme nunca. Quizais ese sentimento de estar fóra é unha cruz que ningún galego pode salvar e que eu sinto aínda agora –porque un queda coa mente dividida– en que tamén teño saudades daquelas terras. É unha saudade doutro tipo, en que un incluso sente alegría de escoitar a música daquelas terras e ao escoitar ás veces a xente de alá que te vén visitar. Cando estaba alá era todo o contrario, había unha especie de sufrimento. Ese desvencello de estar fóra da terra é terrible.

—¿*Case como un sentimento da emigración continuo?*

—E sen embargo eu loitei moitísimo en contra do que era a saudade, a morriña e todas esas historias. Tampouco aínda que teñas esa dor e esteas prendido nela dalgún xeito tes que estar loitando permanentemente contra ela e, entón, eu procurei sempre non ser nin saudoso, nin morriñento nin nada diso. Pero si hai un chamamento atávico da terra que non podes superar nunca.





—*Ti definícheste como home do pobo. Nun momento en que é tan difícil non integrarse nas institucións ¿como fas para ser coherente con esa afirmación?*



—Eu son un home do pobo, entón case non teño que facer nada; ou sexa, que non me custa moito traballo. Primeiro, non teño ningunha disciplina académica, non teño ningunha disciplina de ningunha clase. Son un indisciplinado. E entón tamén sempre por iso teño oficios que non teñen moito que ver con nada institucional, polo tanto síntome fóra sempre.

—*¿Como ves a poesía galega hoxe?*



—Estamos vivindo un momento especial da poesía con todo o que se diga –e vós sabedes que se din moitas cousas de séculos de ouro e cousas desas, que todo, en certo modo, son palabras feitas–. Pero o certo é que se está vivindo un momento intenso da poesía en Galicia, porque hai unha verdadeira..., pois non sei cómo dicir, pero si hai un interese grande pola poesía, polo menos nalgúns círculos, e hai cantidade de xente preocupada por iso. Vese, por exemplo, en que a min cóntame Basilio Losada, nunha carta que me escribe agora, que en Barcelona están un pouco sorprendidos de que unha colección de poesía teña vinte libros publicados en dous anos ou tres e que teña para publicar dous anos máis. Entón os cataláns están un pouco sor-

prendidos de que se escriba, de que se faga tanto, e ademais libros de calidade. Non é que sexa o século de ouro pero estase facendo unha calidade poética de altura e interesante. Entón o poeta está tamén tendo unha incidencia na vida social da nosa terra como non tivo antes. Primeiro porque os medios de comunicación son outros; está máis presente neles, porque anda no medio da xente, vive no medio da xente e acabouse un pouco a figura do poeta romántico, do poeta soñador, do poeta vestido de negro e de capa e toda esa historia, e o poeta é un traballador máis que traballa nun eido en que as cousas son moi esenciais, e que está mesmo case traballando na raíz do que é o noso ser e a nosa terra.

—*¿En que medida o poeta e a poesía ten que incidir e modificar o contorno en que vive?*



—O noso país haino que facer, haino que construír ou reconstruír, desde moitas bandas, e o poeta ten que participar indubidablemente na reconstrucción do que é a identidade e no que é a reconstrucción do país galego. Entón non se pode ser neste momento un poeta de torre de marfil; ou sexa, subir o poeta á súa torre, agacharse un pouco de todo o que o rodea e escribir a súa obra perfecta e toda esa historia. O poeta ten que integrarse na loita común de todo o pobo galego porque o poeta tamén é unha especie de profeta, e unha especie de loitador que ten

moito máis claras as esencias da patria do que as ten a xente común. Polo tanto, nun país que se está a refacer, a reconstruír, ou buscando, como se di agora, a súa propia identidade, o poeta ten que ser unha peza esencial desa loita de reconstrucción. Non pode esquivar esa loita nunca.

—¿*Nestes tempos hai espacio para a bohemia?*



—Home, é unha bohemia dun tipo moi diferente ao que era a bohemia do meu tempo. Eu quizais fun o último bohemio, daquela bohemia en que eu participaba con Urbano Lugrís nos anos cincuenta; xa nos dicían daquela que eramos os últimos, os derradeiros bohemios. E entón non sei, o que pasa e que agora é unha bohemia moito máis viva e algo máis farturenta, porque a nosa era de verdadeira fame e necesidade. Hoxe hai a bohemia da movida en que moita xente se perde e ao mellor pasa un mes perdido nunha noite case eterna en que a movida o absorbe dalgún xeito; e é un xeito de ser bohemio. Pero supoño que esa época romántica da bohemia, como se concibía, acabouse; non hai tempo. Co tempo agora ti ves que en todas as partes hai unha certa agresividade, hai unha certa competencia, hai que andar correndo e senón pílante os coches. Tes que moverte.

—¿*Nunca se encontrou o home tan de fronte coa súa perennidade, nunca se sentiu o home con tan pouca vida como agora?*

PISTA  
○  
44

—Metéronnos nun barullo de vida que é case invivible. Toda esta que lle chaman a sociedade de consumo e todo isto de que un ten que andar correndo dun lado para outro. É unha vida un pouco desaxeitada e unha vida en que non che dá tempo ás veces nin para pensar.

—*¿Incluso en Noia, de onde ti es?*

PISTA  
○  
45

—Nas vilas vívese un pouco máis tranquilo. De todos os xeitos un está involucuído na acción ambiente. Chega un pouco a todas as partes, é un pouco o que che meten polos ollos. Hai que ter en conta que agora hai unha pantalla en todas as casas que, dalgunha maneira, tamén distribúe os teus comportamentos, ou polo menos remárcaos ou diche o que tes que facer case durante o día porque che impón unha serie de condicións e un xeito de vida. O que pasa é que nas vilas, se non andas ao ritmo que che marcan desde fóra, sénteste como un pouco perdido tamén, e entón andas a correr sen saber por qué.

—*O teu libro O Tempo no espello comeza coa cita “Quen vive mais dunha vida mais dunha vez ten que morrer”. ¿É xusto ter que morrer para vivir?*

PISTA  
○  
46

—Hai unha serie de cousas que vas perdendo, que son diferentes mortes a través da vida. Un pouco os paraísos perdidos, vas perdendo certos paraísos. Perdes o paraíso da infancia, perdes o para-

iso da terra cando te tes que ir, perdes o paraíso que deixaches alá cando regresas. Todas esas son un pouco mortes de cada quen, algo que vas deixando para sempre. Un pouco a loita contra o tempo, a de non ter a ubicuidade, non poder estar en dúas partes ao mesmo tempo. Entón sempre hai algo que botas de menos, sempre hai algo que está morrendo dentro de ti. Iso é así e non hai... e todas esas mortes lévaas un dentro, loxicamente.

—*Pero parece que ti te resistes a todas esas mortes.*



—Si, si, eu resístome sempre, e pelexo –eu estou falando quizais unha linguaxe un pouco poética neste caso–; pero o certo é que eu sempre me repoño a toda esa historia, sigo para diante tan campante e comezo outra vez de novo, non soamente na vida poética senón na vida real. Eu comezo as veces que sexa necesario. Tanto é así que eu pasei da xeración á que pertenzo á xeración Dorna tranquilamente; ou sexa, que non teño problema. Comezo sempre e parto outra vez de onde teña que partir.

—*Concelleiro de Cultura no Concello de Noia. ¿Con que obxectivos?*



—Eu metinme a concelleiro de Cultura en Noia –á parte das cousas políticas, que importan menos aquí– máis que nada porque

había que facer unha infraestrutura cultural que non hai. Non hai unha casa da cultura, non hai un sitio para poder dar un recital ou facer unha exposición; non hai unha infraestrutura cultural apropiada para desenvolver a cultura. Porque a cultura non se fai desde ningunha consellería nin desde ningunha concellería. E entón o que hai é que facer as estruturas para que a cultura do pobo teña onde expresarse; non é máis ca iso. E ese foi o meu compromiso e o compromiso que quero levar a cabo, e dalgunha maneira estouno levando porque se vai comezar a facer a casa da cultura en quince días máis ou menos. Xa hai unha subvencións aí. E non soamente a casa da cultura de Noia senón que hai unhas escolas unitarias nas parroquias onde se van facer uns centros de cultura tamén. Ese é o meu compromiso e metinme aí por iso, e non por outra cousa, á parte do meu compromiso moral, loxicamente, con todo o que sexa traballar por Galicia dignamente.

—*¿Cales son os maiores problemas coas que se atopa un escritor nestes tempos e neste país?*

—Non teño nunca o sosego necesario para poder escribir. Vós sabedes que eu escribo nunha taberna chea de barullo e con música de rock de fondo, permanente ademais. Nunha taberna en que estou desde as dez da mañá ata as dúas da mañá todos os días, e todo o que eu podo ir escribindo téño que escribir aí. Xa superei pois o problema, porque



me illo totalmente cando teño que escribir e entón non hai problema ningún, non escoito nada. Aínda así interrómpenme a cada momento polo meu traballo de taberneiro pero eu creo que precisamente todos estamos a vivir así dese xeito, en que nos interrompen frecuentemente para outras cousas que non nos interesan pero que nos serven para ir sobrevivindo. Son traballos de sobrevivir, mentres que o traballo literario sempre, como eu dicía antes, serve de refuxio para poder chegar e meterse nel tranquilamente e apartarse un pouco do mundanal ruído, que diría o vello poeta castelán.

—*Esta a piques de saír o teu novo libro As torres no ar, ¿que é este libro?*



—*As torres no ar.* Eu quería tamén unha especie de reencontro coa propia terra. Non soamente coa terra aberta do suco senón coa terra telúrica; e ao mesmo tempo é unha loita tamén contra o tempo que pasa, o tempo que nos vai desgastando permanentemente. Entón de aí ese libro, que comeza cunha frase de miña nai que me dixo algún día e non hai moito; dixo “meu fillo, ti sempre estás a facer torres no ar”. Entón decidinme a facer *Torres no ar* e a que quedara reflectida dalgunha maneira. Iso é o libro; está dividido en tres partes, unha parte que son “Cantos a carón da terra”, que é achegarme á terra, precisamente, á terra de labranza e á terra como patria; despois está “O cántico das naves,

elexías do mar”, porque eu sempre estou vendo pasar os veleiros na miña memoria; e hai unha última parte que é “A torre secreta”; todos os castelos teñen unha torre secreta, que son os sonetos amorosos, eróticos. Entón todo ese complexo forma ese libro que se chama *As torres no ar*, que podía levar cantidade de cousas porque un castelo ten cantidade de compartimentos e incluso sotos.





## CHACHAHUÍ

Ter unha casa en Chachahuí sobre do cume  
do Cúndur-Cúndur que os incas bautizaron  
polas grandes aves míticas. Ter unha casa en Chachahuí  
e ver no fondo do precipicio o Putumaio  
brincar como un regueiro pequeniño.

Ter unha casa en Chachahuí  
e escoitar á noitiña o zunido dos vagalumes,  
dos cocuios, o canto do turpial  
e o miar estremecedor do puma negro.

Ter unha casa en Chachahuí,  
esquecerse do tempo, estar ao pé dun deus antigo  
amigo do sol.

Ter unha casa en Chachahuí.

Abaixo, no camiño de Ipiales, na estrada do Ecuador,  
brillan as flores ventureiras.  
Pero as estrelas son máis grandes.

Ter unha casa en Chachahuí.

	PÁXINA [PISTA CD]
<b>LIMIAR</b> .....	7
<b>POEMAS</b>	
Cántico de anguria e de esperanza pra arrolla-lo meu neno .....	13 [1]
Od. Himno. Cántico. Elexía.....	17 [2]
“Hei de cantar en silencio” .....	23 [3]
“O meu corazón sempre canta de noite” .....	25 [4]
A máquina .....	27 [5]
O obús .....	31 [6]
Pórtico .....	37 [7]
“Eu amo as minerais entrañas do meu eido” .....	41 [8]
“Sangue callado. Terra escura, terra” .....	43 [9]
“Feliz viaxeiro subterráneo” .....	47 [10]
De cómo Reimundo Patiño se transforma en montaña e nace no seu corazón un río cantareiro: e aniñan o xerín e a torcaza no forno aínda quente do seu amor: de cómo emerge do seu ser o contorno da patria .....	51 [11]
<b>ENTREVISTAS</b>	
<i>O son da súa vida</i> , programa radiofónico conducido por Cristina Lombao. Radio Galega, 1989 .....	57 [12-31]
<i>A Víborona</i> , programa conducido por Ana Romani e Antón Rodríguez López. RNE. Radio 4, 1988 .....	79 [32-50]
Chachahuí .....	93 [51]



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

+ SECCIÓN DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL + SECCIÓN DE ARQUITECTURA + SECCIÓN DE COMUNICACIÓN. Arquivo de Comunicación + SECCIÓN DE DEREITO GALEGO + SECCIÓN DE CULTURA GALEGA NO EXTERIOR. Arquivo da Emigración Galega + SECCIÓN DE LINGUA. Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia + SECCIÓN DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS. **Arquivo Sonoro de Galicia** + SECCIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO + SECCIÓN DE ARTES PLÁSTICAS + SECCIÓN DE PATRIMONIO NATURAL + SECCIÓN DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE +



ARQUIVO  
SONORO  
DE GALICIA

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
PAZO DE RAXOI, 2º ANDAR. PRAZA DO OBRADOIRO. 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
TEL. 981 95 72 02. FAX 981 58 86 99. WEB [www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)